



Estimado Director Xeral de Mobilidade,

Tal e como lle consta, o Concello de Oleiros iniciou o pasado mes de abril as xestións para que os cidadáns da comarca da Coruña, e concretamente os da cidade, Culleredo e Cambre, tivesen a posibilidade de desprazarse ás praias de Oleiros durante a época estival mediante transporte público. Desta maneira, reduciríase o uso do vehículo privado, que colapsa o acceso da ponte da Pasaxe e a estrada da costa de Oleiros con longas colas interminables que provocan grandes perdas de tempo, crispacións, falta de aparcadoiros, contaminación e gastos innecesarios.

Malia a boa fe que me consta que existiu nun principio por parte do Concello da Coruña, Concello de Oleiros, Compañía de Tranvías e Xunta de Galicia, e da existencia dun acordo total entre as partes para a prestación do servizo entre os días 15 de xuño e 1 de setembro, a 3 de agosto nada predí que o liña de bus urbano 1A da Coruña vaia poder chegar ata Santa Cristina. As diversas trabas burocráticas impostas desde a administración autonómica están a dilatar os tempos da tramitación.


Por todo elo, e en aras de aproveitar o tempo de verán que aínda queda, o Concello de Oleiros propón un novo medio de transporte non contaminante, ecolóxico e ao que as empresas de transporte Asicasa-Cal Pita, e outras, non poidan alegar impedimento algún.

Agardamos que a tramitación deste novo expediente, que non paralizaría o anterior, poida xestionarse no menor tempo posible e sen a aberrante burocracia que estamos a padecer e da que damos conta na seguinte relación:

- 20 DE ABRIL: FAISE PÚBLICA A PROPOSTA DO CONCELLO DE OLEIROS DE CREAR UN SERVIZO DE TRANSPORTE AS PRAIAS DE SANTA CRISTINA E BASTIAGUEIRO DESDE OS CONCELLOS DA CORUÑA, CAMBRE E CULLEREDO.
- 4 DE MAIO: O ALCALDE DE OLEIROS REÚNESE COS ALCALDES DA CORUÑA, CAMBRE E CULLEREDO EN MARÍA PITA. CON MATICES NO CASO DE CAMBRE E CULLEREDO, PERO ESTÁN DACORDO COA PROPOSTA DE OLEIROS.

- 7 DE MAIO: O ALCALDE DE OLEIROS REÚNESE CO DIRECTOR XERAL DE MOBILIDADE QUE INFORMA DE QUE A XUNTA DE GALICIA AUTORIZARÁ A POSTA EN MARCHA DO SERVIZO.
- 9 DE MAIO: O ALCALDE DE OLEIROS REÚNESE CON ASICASA-CAL PITA, QUE MANIFESTA A SÚA VONTADE DE POÑER EN MARCHA O SERVIZO NOS CONCELLOS DE CAMBRE E CULLEREDO, CUN PERÍODO DE PROBA DE 20 DÍAS PARA GARANTIZAR O AUTOFINCIAMENTO DA LIÑA.
- 11 DE MAIO: O ALCALDE DE OLEIROS REÚNESE COA COMPAÑÍA DE TRANVÍAS DA CORUÑA E CO CONCELLEIRO DE MOBILIDADE, ACADANDO UN ACORDO PARA QUE A LIÑA 1A FAGA UNHA PARADA EN SANTA CRISTINA, ENTRE O 15 DE XUÑO E O 1 DE SETEMBRO.
- 18 DE MAIO: O ALCALDE DE OLEIROS REÚNESE COA CONSELLERIA DE INFRAESTRUTURAS. ADEMAIS DE ABORDAR OUTRAS CUESTIÓNS, VOLVE AMOSAR A PREDISIPOSICIÓN DA XUNTA Á CREACIÓN DESTAS LIÑAS.
- 30 DE MAIO: UNHA VEZ ELABORADOS TODOS OS ITINERARIOS E DE MAIS CUESTIÓNS TÉCNICAS, O CONCELLO DE OLEIROS PRESENTA SOLICITUDE FORMAL PARA A CREACIÓN DOS SERVIZOS ANTE A XUNTA DE GALICIA.
- 4 DE XUÑO: A XUNTA DE GALICIA REMITE O BORRADOR DE CONVENIO PARA QUE A LIÑA 1A DA CORUÑA POIDA ENTRAR EN SANTA CRISTINA.
- 6 DE XUÑO: O ALCALDE DE OLEIROS REÚNESE COS ALCALDES DE CAMBRE E CULLEREDO. ACORDAN COMO SERÁ O SERVIZO DE TRANSPORTE ÁS PRAIAS DE BASTIAGUEIRO DESDE OS SEUS MUNICIPIOS.
- 11 DE XUÑO: OS SERVIZOS XURÍDICOS DO CONCELLO DE OLEIROS INFORMAN FAVORABLEMENTE PARA A SINATURA DO CONVENIO.
- 11 DE XUÑO: O ALCALDE DE OLEIROS REÚNESE COS ALCALDES DE CAMBRE E CULLEREDO E COA EMPRESA ASICASA-CAL PITA. A COMPAÑÍA NÉGASE A PRESTAR O SERVIZO SEN COBRAR. OS ALCALDES DECIDEN APRAZAR A POSTA EN MARCHA DAS LIÑAS.
- 14 DE XUÑO: O CONCELLO DE OLEIROS REMITE Á XUNTA DE GALICIA O INFORME FAVORABLE DO MINISTERIO DE FOMENTO PARA QUE A LIÑA 1A DA CORUÑA POIDA ENTRAR EN SANTA CRISTINA.

- 21 DE XUÑO: OS SERVIZOS XURÍDICOS DO CONCELLO DA CORUÑA INFORMAN FAVORABLEMENTE PARA A SINATURA DO CONVENIO.
- 29 DE XUÑO: A XUNTA NOTÍFICALLE ÁS EMPRESAS QUE CIRCULAN POLA PONTE DA PASAXE QUE A LIÑA DE BUS URBANO 1A DA CORUÑA VAI CHEGAR ATA SANTA CRISTINA.
- 30 DE XULLO: O CONCELLO DE OLEIROS RECIBE AS ALEGACIÓNS DAS COMPAÑÍAS A QUE A LIÑA DE BUS URBANO 1A DA CORUÑA CHEGUE ATA SANTA CRISTINA.
- 2 DE AGOSTO: O CONCELLO DE OLEIROS ENVÍA Á XUNTA DE GALICIA A RESPONSA ÁS ALEGACIÓNS DAS COMPAÑÍAS.
- 16 DE AGOSTO: REMATA O PRAZO DA XUNTA DE GALICIA PARA RESOLVER AS ALEGACIÓNS.

  
Ángel García Seoane  
Alcalde de Oleiros  
Oleiros, 3 de agosto de 2018